


Xuntos por unha catequese



Máis viva

2019 / 20

 [www.catequesisdegalicia.com](http://www.catequesisdegalicia.com)  
[recursos.catequesisdegalicia.com](http://recursos.catequesisdegalicia.com)  
Delegacións de Catequese de Galicia

Celebración do curso 2019-2020

# “Só así podemos realizar unha catequese viva e para a vida” **CELEBRACIÓN**

---

Nesta celebración de inicio sería bo colocar un mural ben visible co kerigma da catequese, e que logo permanecese nalgún lugar que o lembrase todo o ano:

**“XESUS QUÉRETE,  
DEU A SÚA VIDA PARA SALVARTE,  
E AGORA ESTÁ VIVO Ó TEU LADO CADA DÍA,  
PARA ILUMINARTE, PARA FORTALECERTE,  
PARA LIBERARTE”** (*Evangelii Gaudium 164*)

Tamén debería ser visible, en gran formato, o cartel deste ano e o lema:

**XUNTOS POR UNHA CATEQUESE MÁIS VIVA**

## **MONICION DE ENTRADA**

Iniciamos una nova andaina na catequese parroquial, sempre nova, porque cada ano imos mudando, crecendo os nosos nenos, adolescentes, xoves e adultos, aínda que o contido é sempre o mesmo:

**XESUS QUÉRETE, DEU A SÚA VIDA PARA SALVARTE, E AGORA ESTÁ VIVO AO TEU LADO CADA DÍA, PARA ILUMINARTE, PARA FORTALECERTE, PARA LIBERARTE.**

Este é o primeiro anuncio da catequese –o kerigma- o principal, o que hai que volver a escoitar a anunciar en todas as etapas e momentos da catequese. Pero queremos facelo como unha novidade constante, con una linguaxe e maneiras sempre novas, **XUNTOS POR UNHA CATEQUESE MÁIS VIVA.**

Pidámoslle ao Señor da eucaristía a autoridade da súa palabra que acendía o corazón, a novidade do seu anuncio, da creatividade das súas imaxes para falarnos de Deus, unha nova linguaxe para anunciar a eterna noticia de que Deus nos ama.

## LECTURAS

As do domingo que corresponda, ou esta proposta:

- Feitos 2, 42-47 (*Asiduos no ensino dos apóstolos e na fracción do pan*)
- Salmo 112 (*A súa caridade é constante*)
- Evanxeo: Mateo 13, 44-46 (*Parábola do tesouro escondido e da perla*)

## PRECES

Baseadas nos seis consellos do Papa Francisco aos catequistas.

*Coa confianza de que Deus sempre nos escoita e nos auxilia co seu Espírito, oramos con confianza dicindo: MANDA SEÑOR O TEU ESPIRITO.*

- ✓ **1º.- Pola Igrexa;** para que anuncie sen acougo a ledicia do evanxeo, con audacia e creatividade, saíndo ó encontro dos famentos e sedentos de Deus, para sanalos e salvalos. *Oremos.*
- ✓ **2º.- Polos catequistas;** para que vivan o seu ministerio como unha misión que configura a vida enteira, camiñando con e desde Xesucristo. *Oremos.*
- ✓ **3º.- Polos catequizandos:** nenos, xoves e adultos; para que redescubran sempre o amor de Deus como primeiro anuncio e esencia da catequese. *Oremos.*
- ✓ **4º.- Por todos os cristiáns;** para que nos deixemos mirar por Xesucristo, e nos vaíamos transformando á súa imaxe. *Oremos.*
- ✓ **5º.- Por todos nós;** para que, sentíndonos evanxelizadores, saibamos buscar diferentes medios e formas de anunciar a Xesucristo. *Oremos.*
- ✓ **6º.- Por esta comunidade parroquial de N...,** reunida en domingo para celebrar a Eucaristía; para que saibamos que Xesús nos antecede nos homes e mulleres de hoxe, e que neles nos espera. *Oremos.*

*Grazas Pai bo, porque ti nos auxilias sempre e contas con nós para mostrar o teu amor ao mundo. PXNS.*

## OFRENDAS

Propomos facer a colecta mentres se recita o Credo para incorporala ás ofrendas ou agardar a que se faga para ofrecela logo.

A Eucaristía é fonte e cume da vida cristiá. Sen ela non podemos vivir, proclamaban os primeiros cristiáns. Hoxe queremos subliñar que un dos fins da catequese e integranos nela, para sermos verdadeiramente familia de Xesús.

Traemos a este altar o **cartel** deste ano que quer ser para todos un estímulo para unha catequese viva e creativa, cunha nova linguaxe, visual e narrativa, que transmita a fe con nova forza, imaxinación e audacia.

Sobre todo ofrecemos o **pan e o viño**, feitos de graos e uvas, que xuntos fan o alimento e o zume da vida, pan e viño no que Xesús se fai presente no altar, que se nos dá en alimento e ven a nós, para quedarse. Dispoñámoslle sitio nas nosas vidas.

A Eucaristía é comunión e caridade; por iso presentamos **a ofrenda da comunidade** para as necesidades do noso templo e dos pobres. Que con ela vaia tamén a nosa vida toda como ofrenda agradable.

## Xesto de envío

---

Poderíamos chamar aos catequistas polo nome a situarse fronte ó altar. sacerdote, coas mans estendidas, pronunciará sobre eles unha bendición:

**DEUS TODOPODEROSO E ETERNO  
QUE QUIXECHES REVELARTE A NÓS  
CON TODA CLARIDADE POLA TÚA PALABRA ENCARNADA  
EN XESUCRISTO, O SEÑOR.**

**A ESTES IRMÁNS NOSOS ENCOMENDÁMOSLLES HOXE,  
NO NOME DA NOSA COMUNIDADE PARROQUIAL DE N...,  
A CATEQUESE ADAPTADA  
ÁS IDADES DOS NOSOS CATEQUIZANDOS.**

**PEDÍMOSCHE LLES INSPIRES PALABRAS LUMINOSAS,  
IMAXES IMPACTANTES, PARÁBOLAS FERMOSAS,  
QUE TRASMITAN A FERMOSURA DE DEUS,  
O SEU AMOR AO MUNDO E A CADA UN DE NÓS,  
DE XEITO QUE UN DÍA SE VAIAN INCORPORANDO  
COMO MEMBROS VIVOS DA NOSA COMUNIDADE.**

**POR XESUCRISTO O NOSO SEÑOR.**

**AMÉN.**

